

Para adaptar calquera tipo de actividade para o alumnado con **Trastorno do Desenvolvemento da Linguaxe (TDL)**, o obxectivo fundamental debe ser **eliminar as barreiras lingüísticas sen baixar o nivel de esixencia curricular**.

A tarefa da parte non presencial deste curso consiste en seleccionar unha actividade, sesión, exame... (a que elixades da vosa práctica docente), e adaptala para alumnado con TDL.

A continuación, preséntase un guión estruturado que nos pode servir de base para facer esas adaptacións:

1. Preparación da contorna e comunicación inicial

- **Situación na clase:** senta ao alumno ou alumna preto da docente e lonxe de ruidos distractores, asegurando que teña visibilidade total de todos os apoios visuais.
- **Uso de compañeiros/as modelo:** utiliza a outros alumnos e alumnas como modelos lingüísticos, o cal resulta máis accesible e menos intimidante para o neno con TDL.
- **A "Regra das 3 S":** Ao dirixirte a eles, utiliza unha linguaxe que sexa:
 - **Slower (Lento):** velocidade pausada e con pausas.
 - **Shorter (Curto):** frases curtas e directas.
 - **Simpler (Sinxelo):** estrutura clara de Suxeito + Verbo + Predicado.
- **Reformulación expandida:** se a alumna ou alumno comete un erro, non o sanciones; devolve a frase correcta de forma natural, poñendo o foco no contido comunicativo por riba da forma gramatical.

2. Adaptación de materiais e textos (lectura fácil)

Para que o alumno ou alumna poida construír o significado e non só descodificar palabras, aplica as regras de **Lectura Fácil** nas túas fichas ou libros:

- **Reglas de ouro:**
 - Corta as frases longas (máximo 15-20 palabras) e mantén unha soa idea por frase.
 - Evita tecnicismos, abstraccións, adverbios terminados en "-mente" e superlativos.
 - Substitúe signos como o punto e coma ou parénteses por frases curtas separadas por puntos.
- **Sinalética e glosarios:**
 - Crea **glosarios visuais** ou de acción (con pictogramas) para reducir a carga cognitiva.
 - Usa **iconas** para marcar os puntos clave ou instrucións (lámpadas, ollos, etc.).

3. Execución da Actividade: Andamiaxe e Tempos

- **Activación de esquemas:** antes de introducir un concepto novo, activa os coñecementos previos de forma visual ou mediante unha **anticipación sensorial** (tocar, cheirar, ver obxectos reais) para crear unha "percha" mental para o vocabulario.
- **Fragmentación:** secuenciar a actividade en pasos unitarios mediante **checklists visuais** que axuden a externalizar a memoria de traballo.
- **Respectar a latencia (regra dos 5 segundos):** tras lanzar unha pregunta, garda silencio absoluto para permitir que o cerebro do alumno descodifique, busque a resposta e planifique a fala. Evita reformular a pregunta inmediatamente, xa que iso reinicia o seu proceso mental.

4. Adaptacións por Área Específica

- **Matemáticas:**
 - Segue a secuencia: **tocar** (manipulativos), **representar** (debuxar cantidades) **simbolizar** (escribir o número ou símbolo).
 - Coidado coa "trampa" das palabras chave (ex. "perder" non sempre significa restar). Utiliza **organizadores gráficos** para axudarlles a entender a "historia" do problema antes de operar.
- **Lectura:** Activa coñecementos previos de forma visual antes de ler e usa apoios pictográficos para facilitar a comprensión.

5. Avaliación Inclusiva

Avalía o contido da aprendizaxe, non a barreira da linguaxe.

- **Formatos de baixo impacto lingüístico:**
 - Usa exames con **opción múltiple con imaxes**, unir con frechas, encher ocios ou usar negritas para destacar o importante.
- **Alternativas ao exame escrito:**
 - **Producións visuais:** mapas conceptuais, infografías, lapbooks ou murais.
 - **Evaluación oral/dixital:** gravación de vídeos ou podcasts (que permiten ensaiar e repetir), debates ou portafolios de aula que amosen a súa evolución no tempo.